



XUNTA DE GALICIA
CONSELLERÍA DE MEDIO AMBIENTE
E DESENVOLVEMENTO SOSTIBLE
Dirección Xeral de
Desenvolvemento Sostible

METEOGALICIA

Informe climatolóxico

Mes de setembro 2008

INFORME CLIMATOLÓXICO

MES DE SETEMBRO 2008



1.- Resumo

Mes pouco chuvioso e temperaturas por debaixo dos valores normais.

O mes de setembro caracterizouse pola presenza dun anticiclón de bloqueo sobre o Mar do Norte que se mantivo durante as dúas últimas decenas do mes, e polo tanto, con períodos de moitos días de sol na Comunidade. O mes comezou baixo a influencia dunha borrasca situada ó sudoeste de Irlanda, destacando a fronte que atravesou Galicia o día 5 e que deixou as cantidades máis significativas do mes no litoral. Os días 10 e 11 Galicia estivo en situación intermedia entre altas e baixas presións, e a partir do día 12 establecéronse as condicións anticiclónicas con predominio dos ceos pouco anubrados. Os días 21 e 22 unha baixa proveniente do sudoeste achegouse a la península Ibérica, con aire inestable, o cal provocou treboadas con aparato eléctrico en moitos puntos de Galicia. O mes rematou cunha derradeira semana anticiclónica, que deixou unhas xornadas moi despexadas.

Temperatura: As temperaturas oscilaron entre baixas e normais en toda Galicia por mor do predominio dos ventos de compoñente norte, principalmente en Lugo onde se rexistraron anomalías de máis de 2 °C nas mínimas

Chuvia: As cantidades de chuvia acumulada estiveron por debaixo dos valores normais, excepto no noroeste de Galicia onde os rexistros estiveron dentro do normal. Cabe destacar que no litoral atlántico os días de chuvia (considerando aqueles días con precipitacións maiores o iguais a 1 mm) foron inferiores ao valor climático.



2.- Táboas de datos

Compáranse os valores rexistrados no mes en curso nas estacións da CMA (CIS Ferrol, Santiago-EOAS, Campus Lugo, Lourizán e Ourense-Ciencias) cos valores climáticos para ese mes, obtidos a partir da serie histórica máis próxima (A Coruña-estación completa/ Santiago-Astronómico / Lugo-Fingoi / Ourense-granxa, estacións do INM, e Lourizán, da CMADS), no período 1973-2003.

O valor climático corresponde co promedio destes 31 anos, para o mes considerado. Móstrase tamén os valores extremos da serie e o ano no que se acadaron. No caso das temperaturas máximas (mínimas) absolutas, móstrase o valor máximo (mínimo) da serie histórica mensual e a data na que se acadou:

As temperaturas danse en °C e as precipitacións en mm (ou l/m²).

O número de días de chuvia corresponde á suma dos días nos que a precipitación rexistrada é igual o maior a 1 mm

CIS FERROL

	SETEMBRO 2008	VALORES CLIMÁTICOS	valor máximo da serie	valor mínimo da serie
T ^a media	17.9	18.3	19.9 (1987)	16.8 (1974)
T ^a mínima media	14.5	15.0	16.4 (1987)	13.7 (1974)
T ^a mínima absoluta	11.9 (día 13)	9.0 (29/09/1974)		
T ^a máxima media	22.3	21.6	23.4 (2003)	19.7 (1993)
T ^a máxima absoluta	29.1 (día 20)	31.4 (15/09/1980)		
Precipitación acumulada	52	49-84	147 (1975)	3 (1997)
Días de chuvia (≥1mm)	5	7	16 (1994)	1 (1985)

Comentario:

Mes frío en xeral respecto ás temperaturas medias e mínimas e mesmo cálido en canto ás máximas, 0.7°C por riba do agardado.

A precipitación e o número de días de chuvia poden considerarse normais



SANTIAGO

	SETEMBRO 2008	VALORES CLIMÁTICOS*	valor máximo da serie	valor mínimo da serie
Tª media	16.2	18.2	21.1 (1985)	15.9 (1993)
Tª mínima media	11.7	13.1	14.6 (1987)	11.8 (1994)
Tª mínima absoluta	7.1 (día 7)	3.6 (30/9/1982)		
Tª máxima media	21.7	23.4	28.0 (1985)	19.9 (1993)
Tª máxima absoluta	29.3 (día 20)	37.5 (6/9/1988)		
Precipitación acumulada	79	68-137	263 (1999)	7 (1989)
Días de chuvia (≥1mm)	6	9	17 (1993)	1 (1985)

Comentario:

*Mes moi frío en xeral, destacando especialmente no que respecta ás temperaturas medias, 2°C por debaixo do agardado**.*

A cantidade de precipitación cae dentro do rango normal, aínda que o número de días de chuvia é inferior ao valor medio agardado.

* valores climáticos calculados excepcionalmente nesta serie dende 1982.

** hai que ter en conta que os valores climáticos cos que se comparan os datos desta estación foron obtidos cun período máis cálido que o do resto dos casos (1973-2003)

LUGO

	SETEMBRO 2008	VALORES CLIMÁTICOS	valor máximo da serie	valor mínimo da serie
Tª media	15.1	17.2	21.2 (1987)	14.6 (1974)
Tª mínima media	9.6	11.5	14.5 (1987)	9.3 (1974;1995)
Tª mínima absoluta	4.2 (día 27)	3.0 (30/09/74; 18/09/77)		
Tª máxima media	22.0	22.9	27.8 (1987)	18.9 (1995)
Tª máxima absoluta	28.5 (día 20)	39.0 (07/09/1988)		
Precipitación acumulada	38	49-73	178 (1975)	0.4 (1985)
Días de chuvia (≥1mm)	6	7	16 (1995)	0 (1985)

Comentario:

Mes frío no que respecta ás temperaturas máximas e moi frío en canto ás temperaturas medias e as mínimas, 2 °C aproximadamente por debaixo do valor climático

A precipitación rexistrada está algo por debaixo do rango normal aínda que o número de días de chuvia e moi semellante ao agardado. O mes pode considerarse "seco"



PONTEVEDRA (LOURIZÁN)

	SETEMBRO 2008	VALORES CLIMÁTICOS	valor máximo da serie	valor mínimo da serie
Tª media	17.5	18.3	20.7 (1985)	15.4 (1974)
Tª mínima media	12.7	12.7	14.3 (1987)	10.9 (1974)
Tª mínima absoluta	9.0 (día 12)	3.7 (29/09/1974)		
Tª máxima media	23.7	23.9	27.5 (1985)	20.0 (1974)
Tª máxima absoluta	30.8 (día 20)	34.6 (06/09/1988)		
Precipitación acumulada	73	79-120	267 (1975)	4 (1989)
Días de chuvia (≥1mm)	4	8	16 (1993)	1 (1988,85)

Comentario:

Mes normal no que respecta ás temperaturas máximas e mínimas, aínda que respecto ás temperaturas medias o mes pode considerarse frío, ao quedar 1°C por debaixo do valor climático.

A precipitación rexistrada é lixeiramente inferior ao normal e o número de días de chuvia é a metade do número agardado. O mes pode considerarse “seco”

OURENSE

	SETEMBRO 2008	VALORES CLIMÁTICOS	valor máximo da serie	valor mínimo da serie
Tª media	18.1	19.6	22.4 (1985)	16.3 (1974)
Tª mínima media	12.5	12.4	14.8 (1981)	9.2 (1974)
Tª mínima absoluta	8.0 (día 13)	3.0 (29/09/1974)		
Tª máxima media	24.7	26.8	31.9 (1985)	23.1 (1993)
Tª máxima absoluta	31.6 (día 20)	39.8 (07/09/1988)		
Precipitación acumulada	26	36-68	229 (1999)	5 (1997)
Días de chuvia (≥1mm)	6	6	12 (1993)	1 (1988)

Comentario:

Mes moi frío en canto as temperaturas medias e sobre todo respecto ás máximas, máis de 2 °C por debaixo do agardado. O promedio das mínimas, en cambio, é moi semellante ao valor climático.

A precipitación rexistrada cae por debaixo do rango normal polo que o mes pode considerarse “seco” aínda que o número de días de chuvia é igual ao valor climático




3.- Mapas

3.1.- Anomalías de presión en superficie

Anomalías de presión en superficie.


Mes de Setembro 2008






3.2.- Anomalías de xeopotencial a 500 hPa

Anomalías de xeopotencial en 500 hPa.
Mes de Setembro 2008





3.3.- Temperatura media das máximas




Tmáx -- 09/2008

www.meteogalicia.es



3.5.- Choiva acumulada (litros/m²)



Chuvia -- 09/2008

www.meteogalicia.es